Tarifa de comisións, condicións e gastos **repercutibles a clientes**

En vigor desde 14.02.2024

EPÍGRAFE 09 CONTAS DE CRÉDITO, PRÉSTAMOS, EFECTOS FINANCEIROS, DESCUBERTOS EN CONTAS VISTA, EXCEDIDOS EN CONTA DE CRÉDITO E ANTICIPOS SOBRE EFECTOS OU CERTIFICACIÓNS.

ESPECIFICACIÓN	VALOR	OBSERVACIÓNS
1. Comisión de apertura (véxanse as notas 7 e 14).		
1.1. Sobre formalizado: (Por unha soa vez que se devindicará sobre o capital do préstamo ou límite de crédito, no momento da formalización ou en cada renovación ou prórroga)		
1.1.1. Créditos e préstamos con garantía hipotecaria	2,50 %	Mínimo: 1.100,00 Euros
1.1.2. Préstamos e créditos ao consumo (Consumer Finance) (véxase a nota 23)	10,00 %	Mínimo: 600,00 Euros
1.1.3. Resto de créditos e préstamos	4,00 %	Mínimo: 600,00 Euros
1.2. Sobre saldos excedidos (véxase a nota 1)	5,50 %	Mínimo: 18,00 Euros
2. Comisión de administración	0,60 euros	Por anotación
3. Comisión de reclamación de posicións debedoras vencidas ou excedidos en contas vista e de crédito. (Para compensar gastos de xestión de regularización). Cobrarase unha soa vez, por cada rúbrica (nova posición debedora vencida), sempre que a reclamación se producise efectivamente.	30,00 Euros	(Importe único)
4. Comisión de dispoñibilidade (véxase a nota 2) Esta comisión de dispoñibilidade será aplicable nas contas correntes de crédito, así como naqueloutras operacións de crédito (Míbor, Euríbor, preferenciais outros bancos, etc. e liñas de apoio a emisións de notas promisorias de empresa ou similares)	1,00 %	Trimestral. Non se fixa mínimo
5. Comisión/Compensación por cancelación anticipada, parcial ou total, solicitada polo titular (véxase a nota 3)		
5.1. Préstamos e créditos hipotecarios, salvo os comprendidos dentro do ámbito de aplicación do artigo 7 da Lei 41/2007 (véxase a nota 16) e da Lei 5/2019 (véxase a nota 16 bis)		
5.1.1. A tipo de xuro fixo	5,00 %	Non se fixa mínimo
5.1.2. A tipo de xuro variable (véxase a nota 17)	1,00 %	Non se fixa mínimo

Supostos de subrogación suxeitos á Lei 2/1994		
Préstamos hipotecarios cancelados antes de 27/04/2003	1,00 %	Non se fixa mínimo
Préstamos hipotecarios cancelados a partir de 27/04/2003	0,50 %	Non se fixa mínimo
5.2. Operacións de créditos ao consumo dentro do ámbito da Lei 16/2011, de contratos de crédito ao consumo. (Véxase a nota 4)		
5.2.1. Cando o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de crédito é superior a un ano	1,00 %	Non se fixa mínimo
5.2.2. Cando o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de crédito é inferior ou igual a un ano.	0,50 %	Non se fixa mínimo
5.2.3. Custo administrativo de cancelación anticipada	11,5 euros	
5.3 Resto de operacións de activo	5,00 %	Non se fixa mínimo
5.4. Préstamos e créditos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da Lei 5/2019 (véxase a nota 16 bis)		
5.4.1. Préstamos e créditos a tipo de xuro variable ou tramos variables		
5.4.1.1. Durante os 5 primeiros anos	0,15%	Co límite da perda financeira
5.4.1.2. Durante os anos restantes da duración	0%	
5.4.2. Préstamos e créditos a tipo de xuro fixo ou tramos fixos		
5.4.2.1. Durante os 10 primeiros anos	2%	Co límite da perda financeira
5.4.2.2. Durante os anos restantes da duración	1,5%	Con el límite de la pérdida financiera
5.4.3. Por novación de tipo de xuro ou subrogación de acredor sempre que se pacte un tipo de xuro fixo en substitución doutro variable para a restante vixencia do contrato		
5.4.3.1. Durante os 3 primeiros anos	0,05%	Co límite da perda financeira
5.4.3.2. Durante os anos restantes da duración	0%	
6. Compensación por desistencia (véxase a nota 18)		
6.1. Cando a amortización anticipada se produza dentro dos 5 primeiros anos de vida do préstamo ou crédito	0,50%	Non se fixa mínimo
6.2.Cando a amortización anticipada se produza nun momento posterior ao indicado no apartado 5.1. anterior	0,25%	Non se fixa mínimo
7. Compensación por risco de tipo (véxase a nota 22)	5,00%	
8. Comisión sobre modificación (véxanse as notas 5 e 19)		
8.1 Por modificación de condicións, garantías, cambios nos valores en garantía, cambio de fiadores ou avalistas, prórrogas en vencementos, sempre que implique unha modificación ou alteración do documento contractual distinta das previstas no seguinte apartado 7.2. Sobre o límite ou importe vixente da operación (véxase a nota 13).		

8.1.1. Créditos e préstamos con garantía hipotecaria	2,00 %	Mínimo: 1.100,00 Euros
8.1.2. Resto de operacións	1,75 %	Mínimo: 95,00 Euros
8.1.3 Modificación de prazo en préstamos con garantía hipotecaria	0,10%	
8.2.Por subrogación ou novación por cambio de debedor		
8.2.1. Créditos e préstamos con garantía hipotecaria	2,00 %	Mínimo: 901,52 Euros
8.2.2. Resto de operacións	1,75 %	Mínimo: 95,00 Euros
9. Comisión por exercicio de opcións de modificación pactadas nos préstamos con garantía hipotecaria		
9.1. Adiamento de pagamento de cotas	-	60,00 Euros
9.2. Modificación do número de cotas	-	90,00 Euros
10. Comisión de gastos de estudo e información		
10.1. En operacións de crédito ou préstamo (sobre o límite, principal ou renovado).	2,00 %	Mínimo: 180,00 Euros
10.2. En operacións globais de risco (recolle diversa operativa de riscos nun só contrato e poderán ser titulares empresas que reúnen unhas condicións especiais. Principalmente dirixido a empresas de elevada facturación). (Véxase a nota 12)	0,50 %	Mínimo: 150,25 Euros
10.3. En operacións hipotecarias, coa excepción das operacións amparadas na O.M. de 5 maio 94	0,50 %	Mínimo: 180,30 Euros
10.4. En operacións de subrogación por cambio de acredor.	1,00%	Mínimo 601,01 Euros.
11. Comisión de disposición de préstamos indexados (véxase a nota 6)	0,10 %	Mínimo: 30,05 Euros
12. Renegociación de pagamentos (Véxase a nota 9) (Sobre o importe da débeda total vencida e non pagada)	0,50 %	Mínimo: 24,00 Euros
13. Valoración de garantías (véxase a nota 10)		
13.1. Vivendas individuais terminadas ou rehabilitadas (acaroadas, emparelladas, exentas ou situadas nun edificio)		
Ata 30.050,61 euros	128,98 Euros	
De 30.050,61 a 90.151,82 euros	156,86 Euros	
De 90.151,82 a 180.303,63 euros	177,78 Euros	
Máis de 180.303,63 euros	0,10 %	Máximo: 501,97 Euros
13.2. Locais comerciais, oficinas e naves industriais, terminadas ou rehabilitadas		
Ata 180.303,63 euros	209,51 Euros	
Exceso de 180.303,63 a 601.012,10 euros	0,10 %	
Exceso de 601.012,10 a 1.202.024,21 euros	0,06 %	
Exceso de 1.202.024,21 a 3.005.060,52 euros	0,045 %	
Exceso de 3.005.060,52 a 6.010.121,04 euros	0,035 %	
Exceso de 6.010.121,04 euros	0,025 %	

13.3. Edificios en xeral (de vivendas, oficinas, industriais, en construción, rehabilitación ou terminados)		
Ata 180.303,63 euros	278,87 Euros	
Exceso de 180.303,63 a 601.012,10 euros	0,10 %	
Exceso de 601.012,10 a 1.202.024,21 euros	0,06 %	
Exceso de 1.202.024,21 a 3.005.060,52 euros	0,045 %	
Exceso de 3.005.060,52 a 6.010.121,04 euros	0,035 %	
Exceso de 6.010.121,04 euros	0,025 %	
13.4. Solo con planeamento		
Ata 180.303,63 euros	315,53 Euros	
Exceso de 180.303,63 a 601.012,10 euros	0,10 %	
Exceso de 601.012,10 a 1.202.024,21 euros	0,06 %	
Exceso de 1.202.024,21 a 3.005.060,52 euros	0,045 %	
Exceso de 3.005.060,52 a 6.010.121,04 euros	0,035 %	
Exceso de 6.010.121,04 euros	0,025 %	
13.5. Propiedades rústicas, agrícolas ou gandeiras		
Ata 180.303,63 euros	315,53 Euros	
Exceso de 180.303,63 a 601.012,10 euros	0,10 %	
Exceso de 601.012,10 a 1.202.024,21 euros	0,06 %	
Exceso de 1.202.024,21 a 3.005.060,52 euros	0,045 %	
Exceso de 3.005.060,52 a 6.010.121,04 euros	0,035 %	
Exceso de 6.010.121,04 euros	0,025 %	
14. Comisión de estudo da garantía, posterior á concesión.		
Comisión pola realización, a pedimento do cliente, de informes técnicos, visita de inspección para a comprobación técnica da evolución e situación dos investimentos. Por cada informe ou visita realizado.	180,00 Euros	
15. Comisión por domiciliación noutra entidade de crédito dos recibos de préstamos concedidos polo banco. (Véxase a nota 11)		
15.1. Pola presentación do recibo	0,40 %	Mínimo: 3,00 Euros
15.2. Pola devolución de cada recibo non-pagado	4,00 %	Mínimo: 15,00 Euros

OPERACIÓNS INSTRUMENTADAS POR TARXETAS DE CRÉDITO
Pagamento personalizado: En caso de reembolso anticipado do crédito, o banco percibirá como comisión/compensación por cancelación anticipada, parcial ou total, un 1 % do importe do crédito reembolsado anticipadamente cando o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de tarxeta sexa superior a un ano. Cando o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de tarxeta sexa inferior ou igual a un ano, o banco percibirá un 0,5 % do importe do crédito reembolsado anticipadamente. (Véxanse as notas 4 e 20)
Comisión de xestión de adiamento de pagamento en tarxeta MASTERCARD: 30,00 euros (véxase a nota 21)
Comisión de apertura sobre excedido no límite de crédito en tarxeta: 3,00 %, 6,00 euros mínimo
Esta comisión aplicarase sobre o maior excedido contable que tivese a conta da tarxeta cada período mensual de liquidación.
Comisión/Compensación por cancelación anticipada, parcial ou total no tipo de tarxeta de crédito revolvente: 1 % do importe do crédito reembolsado anticipadamente cando o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de tarxeta sexa superior a un ano. Cando o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de tarxeta sexa inferior ou igual a un ano, o banco percibirá un 0,5 % do importe do crédito reembolsado anticipadamente. (Véxase a nota 4)

NOTA 1 Nos excedidos en contas de crédito e descubertos en contas vista, a comisión de apertura aplicarase sobre o maior exceso contable que a conta tivese en cada período de liquidación. En caso de que a liquidación da conta se realice nun período inferior ao trimestre, a comisión aplicarase proporcionalmente ao número de períodos de liquidacións existentes nun trimestre, sen que esta regra de rateo se aplique ao mínimo de tarifa.

De acordo co establecido na Lei 16/2011, de 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, nos descubertos en conta con consumidores non se poderá aplicar un tipo de xuro que dea lugar a unha taxa anual equivalente superior a 2,5 veces o xuro legal do diñeiro.

NOTA 2 A comisión de dispoñibilidade que se aplica ás operacións de crédito devindicarase no período estipulado e unha vez transcorridos os días de carencia establecidos contractualmente, facéndoa coincidir coas liquidacións de xuros que se produzan nese período, e recaerá sobre o saldo medio natural non disposto.

Unicamente procede o cobramento da comisión naqueles casos en que a disposición de fondos sexa facultativa por parte do cliente.

Nos contratos de crédito en que haxa previsto un programa de utilizacións ou de amortizacións, a comisión de dispoñibilidade só se cargará sobre o límite efectivamente dispoñible.

NOTA 3 En operacións de crédito aplicarase sobre o saldo que se cancela. En operacións de préstamo aplicarase sobre o capital que se amortiza anticipadamente e, en ambos os casos, percibirase no momento da cancelación ou amortización respectivamente.

NOTA 4 Esta compensación só se poderá percibir se o reembolso se produce durante un período no que o tipo debedor sexa fixo. Esta compensación aplicarase sobre o capital reembolsado anticipadamente para operacións cuxo importe sexa igual ou superior a 200,00 euros e non superior a 75.000,00 euros e cuxos titulares sexan persoas físicas, que actúen con fins alleos á súa actividade empresarial ou profesional e non estean excluídas do ámbito da Lei 16/2011 de 24 de xuño. En todo caso, ningunha compensación excederá o importe do xuro que o consumidor pagaría durante o tempo comprendido entre o reembolso anticipado e a data pactada de finalización do contrato de crédito.

Ademais desta compensación, o banco poderá cobrar ao cliente 11,5 euros como "Custo administrativo de cancelación anticipada". Esta cantidade deriva dos gastos administrativos que a cancelación anticipada do préstamo lle supón ao banco.

A comisión por reembolso anticipado en operacións de crédito ao consumo concertadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 16/2011 rexerase polo disposto no artigo 10 da Lei 7/1995, de crédito ao consumo.

NOTA 5 A contía da comisión será cargada en conta ao prestameiro no momento da concesión da modificación; se non estivese formalizado o crédito/préstamo, os gastos repercutibles descontaránselle na primeira entrega.

NOTA 6 Aplicarase esta comisión adicional nos préstamos indexados co Míbor, Euríbor, preferenciais, etc., sempre que se pactasen co cliente disposicións parciais ou a súa posibilidade. Aplicarase sobre o importe disposto e cobrarase como mínimo o importe indicado por cada disposición parcial.

NOTA 7 No caso de anticipos sobre efectos en moeda estranxeira, ademais da comisión de apertura, aplicaranse as comisións inherentes á operación de estranxeiro: cobramento de efectos sobre estranxeiro.

NOTA 8 Os gastos de intervención de fedatario público, coetáneos ou posteriores ao contrato, así como os gastos de escritura (notaría, rexistro, Facenda), serán por conta do cliente. Así mesmo, correrá por conta do cliente calquera outro concepto de carácter externo que poida existir debidamente xustificado (por exemplo: honorarios de taxación de inmobles, gastos de verificacións rexistrais para obter o recoñecemento da débeda), salvo que sexa realizado pola propia entidade, en cuxo caso será de aplicación o apartado 12 desta epígrafe.

NOTA 9 Estudo de tratamentos especiais para o pagamento da débeda atrasada a pedimento do cliente. Deberase aboar en efectivo no momento da negociación. Esta comisión devolverase en caso de non chegar a formalizarse a operación por causas non imputables ao cliente.

NOTA 10 No momento de presentar a solicitude, esixirase unha provisión tomando como base o importe solicitado. A liquidación definitiva efectuarase unha vez coñecido o valor de taxación. As posibles diferenzas regularizaranse ao efectuar a primeira disposición.

NOTA 11 Esta comisión aplicarase sempre que o cliente solicite previa e expresamente a domiciliación nunha entidade bancaria distinta.

NOTA 12 Produtos que se recollen no apartado 9.2 desta EPÍGRAFE "Operacións globais de risco": Recóllense todos os produtos de activo a curto prazo que pode realizar un cliente coa nosa entidade. Pode recoller os seguintes produtos: Contas de crédito en euro/divisas. Operacións de tesouraría en euros e en divisas. Liñas de crédito para disposicións +EURÍBOR, MÍBOR/LIBOR. Operacións de financiamento de exportacións. Operacións de financiamento de importacións. Descontos ou anticipos. Apertura de créditos documentarios. Prestacións de avais ou garantías.

NOTA 13 As modificacións de condicións en concreto son: Rebaixas do tipo de xuro pactado, modificación dos índices de referencia ou a modalidade de xuro (fixo/variable), modificación dos diferenciais inicialmente pactados sobre o tipo de referencia, modificación do prazo de vencemento, modificación ou establecemento de períodos de carencia de amortización, modificación do sistema de pagamento (cotas mensuais/trimestrais), modificación do sistema de amortización e calquera outra que implique modificación ou alteración do documento contractual. Nos casos en que esta modificación consista na ampliación do prazo do préstamo hipotecario, esta comisión será do 0,10 % da cifra do capital pendente de amortizar.

NOTA 14 En operacións de crédito e préstamo en que o/s titular/es contrate/n a posibilidade de modificación opcional do tipo de xuro (tipo Míbor, Euríbor, ou medio interbancario, ou un tipo fixo negociado), o banco percibirá unha comisión adicional do 0,125 %, do principal ou límite vixente, por trimestre ou fracción, que percibirá en cada liquidación de xuros.

NOTA 15 No caso de anticipos sobre efectos, certificacións ou outros documentos, percibiranse as seguintes comisións: Estudo, punto 8 desta epígrafe; Apertura, punto 1 desta epígrafe; Negociación, punto 1 epígrafe 01; e, se for o caso, Toma de razón, nota 3 epígrafe 01.-; Modificación vencemento, nota 17 epígrafe 01.-; Incidencia, punto 5 epígrafe 01.-; . Como gastos de reclamación do anticipo, cando proceda, aplicarase o punto 3 da epígrafe 09.-.

NOTA 16 Por préstamos e créditos hipotecarios comprendidos dentro do ámbito de aplicación do artigo 7 da Lei 41/2007 hai que entender contratos de crédito ou préstamo subscritos con posterioridade a 9 de decembro de 2007, incluído este día, e aínda que non conste nestes a posibilidade de amortización anticipada, sempre que o prestameiro sexa unha persoa xurídica e tribute polo réxime fiscal de empresas de reducida dimensión no imposto de sociedades (considérase que unha empresa é de reducida dimensión cando o importe neto da cifra de negocios do ano anterior

é inferior a 8 millóns de euros).

NOTA 16 bis. Por préstamos e créditos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da Lei 5/2019 hai que entender contratos de crédito ou préstamo subscritos ou novados (incluída a subrogación de acredor) con posterioridade a 16 de xuño de 2019, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias:

Cando o prestameiro, o fiador ou garante sexa unha persoa física e o referido contrato teña por obxecto un préstamo ou crédito con garantía hipotecaria ou outro dereito real de garantía sobre un inmoble de uso residencial (incluídos rochos, garaxes e calquera que cumpra unha función doméstica).

Cando o prestameiro, fiador ou garante sexa un consumidor e o referido contrato teña por obxecto un préstamo ou crédito cuxa finalidade sexa adquirir ou conservar dereitos de propiedade sobre terreos ou inmobles construídos ou por construír.

NOTA 17 Nas subrogacións que se produzan nos préstamos hipotecarios a xuro variable, referidos no artigo 1 da Lei 2/1994, para a aplicación da comisión de cancelación anticipada serán tidas en conta as seguintes limitacións:

(i) cando se pactase amortización anticipada sen fixar comisión, non haberá dereito a percibir ningunha cantidade por este concepto, e (ii) se se pactase unha comisión de amortización anticipada igual ou inferior ao 1 %, a comisión que se perciba será a pactada.

NOTA 18 Aplicable nas cancelacións subrogatorias e non subrogatorias, totais ou parciais que se produzan nos préstamos e créditos hipotecarios comprendidos dentro do ámbito do artigo 7 da Lei 41/2007 descrito na anterior nota 16.

NOTA 19 As comisións previstas no apartado 7 non son incompatibles entre si. En caso de concorrer algún dos supostos previstos, devindicarase o importe establecido en cada un dos supostos correspondentes.

NOTA 20 Pagamento personalizado é un sistema especial de adiamento de pagamentos que consiste en que o reembolso dunha ou de varias operacións, ou da totalidade do saldo mensual pendente despois da liquidación, se realiza mediante pagamentos mensuais nas condicións, incluído o tipo de xuro, previstas no contrato formalizado co cliente.

NOTA 21 As tarxetas MASTERCARD cuxo único sistema de pagamento sexa o reembolso de cada operación realizada mediante determinado número de pagamentos mensuais adiados non terán cota anual, aínda que se cobrará unha comisión de xestión de adiamento de pagamento fixo de 30,00 euros por cada operación obxecto de adiamento.

NOTA 22 Esta compensación aplicarase a cancelacións totais ou parciais, sobre créditos e préstamos, que se produzan durante un período de revisión superior a 12 meses e que supoñan unha perda para a entidade.

NOTA 23 Préstamos e créditos ao consumo (Consumer Finance): Enténdese por operacións de consumo "Consumer Finance" aquelas operacións que se solicitan coa intervención dun punto de venda (físico ou virtual) ou a través dun colaborador ou intermediario financeiro.